



**Río Sarela**  
**Asociación Veciñal**  
San Lourenzo e Carme de Abaixo

**MEMORIA**

**ACTIVIDADES**

**2018**

## **ACTIVIDADES E FESTAS**

Ao longo do ano 2018, a Asociación ofreceu as seguintes actividades no local social, organizadas tanto pola Asociación como a través do Concello de Santiago:

- Tai Chi
- Pilates
- Informática
- Encaixe
- Música tradicional
- Inglés
- Modelado e ilustración
- Adestramento de cans
- Baile moderno
- Claqué
- Actividades para nenos os xoves e sábados.

Durante 2018 ofrecéronse as tradicionais festas na noite de San Juan en xuño, o Magosto no mes de novembro, e unha festa de Nadal.

Hobo tamén un festival de música e danza africana organiza pola Asociación Galinké, e prestado a infraestrutura para unha festa ao aire libre de Compostela Aberta.

## **PÁXINA WEB e FACEBOOK**

Seguimos ofrecendo información oficial e comunicacións de interese xeral a través da nosa páxina web ([www.riosarela.org](http://www.riosarela.org)), e tamén noticias a diario a través da páxina de Facebook da Asociación (@riosarela). A través da última conseguimos fomentar contactos coas demais asociacións veciñais da nosa contorna, para compartir as súas actividades.

## **MEDIOS DE COMUNICACIÓN**

Mantivemos entrevistas de forma regular cos medios máis destacados da cidade, tanto coa prensa escrita (La Voz de Galicia, El Correo Gallego) como na radio (entrevistas na SER, COPE, Onda Cero) tanto para denunciar a situación de abandono que sofren partes do barrio como para anunciar as nosas actividades.

## **REUNIÓN MUNICIPAL**

Durante o ano 2018 participamos en varias reunións coas concellarías de Urbanismo, Medio Ambiente e Tráfico para buscar unha solución dos problemas do barrio. Tamén participamos en reunións sobre o plan EDUSI que inclúe varias partidas para a mellora da contorna do río Sarela, executables até o 2021. Seguiremos coa nosa política de reclamacións e demandas ao Concello con vistas á mellora do barrio.

## **MELLORAS EN TOXEIRA-RUEIRO**

Un grupo duns 30 arquitectos traballou ao longo do 2018 coa colaboración da directiva da Asociación nun proxecto para a mellora da zona da Toxeira/Rueiro de San Lourenzo, coa intención de presentar a versión final ao Concello con vistas á súa eventual aplicación no barrio.

## **ELIMINACIÓN EUCALIPTOS**

Mantivemos unha serie de reunións e contactos ao longo do ano con vistas á eliminación dos eucaliptos na zona das Barreiras. Por desgraza até o momento estes contactos resultaron infructuosos, pero seguimos coa esperanza de conseguir unha solución a esta situación tan perigosa.

## **CARBALLEIRA**

Seguimos reivindicando que se realizase unha poda integral na carballeira de San Lourenzo, o cal resultou nunha avaliación por parte do concello a través dunha empresa inglesa no mes de agosto. Aínda así, a poda non se realizou até este ano 2019, despois da caída doutra árbore e unha denuncia realizada pola asociación a través do rexistro e os medios de comunicación.

No mes de xullo, grazas a contactos realizados coa policía local, conseguimos unha presenza eficaz da policía durante as festas do Apóstolo, reducindo de forma significativa a presenza de vehículos na Carballeira